

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------------|----------|---------------|
| 36017648 | CEIP Mestre Valverde Mayo | Mos | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua galega e literatura | 5º Pri. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 29 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 32 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 32 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 33 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 34 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 35 |
| 7.2. Actividades complementarias | 36 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 37 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 38 |
| 9. Outros apartados | 38 |

1. Introducción

Esta programación, elaborada para o alumnado de 5º EP, para a área de lingua galega e literatura, realizouse tendo en conta a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro e o borrador do currículo de EP para Galicia, elaborado a partir do Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

O centro no que se levará a cabo é o CEIP Mestre Valverde Mayo, situado na parroquia de Sanguñeda, no concello de Mos, próximo ao concello de O Porriño, nunha zona semi urbana. Así mesmo, atópase ben comunicado coa cidade de Vigo, característica importante para complementar a oferta cultural de Mos. O centro ten 195 alumnos distribuídos en catro aulas do 2º ciclo de Educación Infantil e oito aulas de Educación Primaria.

A lingua é un instrumento de comunicación empregado a diario, tanto para entender como para producir mensaxes nos ámbitos comunicativos orais e escritos. O obxectivo da área é o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado, para o que será fundamental abordar contidos que lles permitan desenvolver as distintas habilidades lingüísticas (escoitar, falar, ler e escribir). Por este motivo a organización de contidos, recollidas no currículo por bloques, reflíctese nesta programación cunha orde diferente, combinando así o traballo das diferentes habilidades lingüísticas ao longo do curso e volvendo ás mesmas de forma cíclica, de xeito que o alumnado poida ir acadando, co paso do tempo, aprendizaxes de maior dificultade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas. | 2 | 2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. | 2-3-5 | 2 | 1 | 1 | 4-5 | | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|------|---------|-------|-------|----|---------|
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 5 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | 1-2-4 | | | | | | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | COMO SOMOS | Traballaremos aspectos básicos da comunicación oral e escrita, a identidade lingüística, os textos literarios e descritivos e afianzaremos contidos xa coñecidos. | 11 | 17 | X | | |
| 2 | LOCUTORES DE RADIO | Elaboración de textos orais e multimodais que supoñan a procura de información e elaboración de traballos empregando ferramentas de presentación, con asignación de diferentes roles no grupo. | 11 | 17 | X | | |
| 3 | UNHA CARTA PARA ALGUÉN ESPECIAL | A lingua como vehículo para transmitir emocións a través de contos, historias e cartas. Recoñecemento da estrutura básica da narración, a carta e o correo. Elaboración de textos seguindo modelos. | 11 | 17 | X | | |
| 4 | TRANSMITIMOS EMOCIÓNS | A lingua oral e escrita como medio para transmitir emocións a través dos contos e historias. A linguaxe poética, ritmo, emocións e recursos literarios. | 11 | 15 | | X | |
| 5 | O ENTROIDO EN GALICIA | Busca de información e elaboración de textos expositivos en diferentes soportes e formatos. Presentacións dixitais como apoio nas exposicións orais para transmitir mensaxes. | 11 | 16 | | X | |
| 6 | SOMOS XORNALISTAS | Elaboración e comprensión de textos informativos (noticia, entrevista), tanto escritos como orais. Localización, selección e contraste de información de diferentes fontes. Seccións do xornal. | 11 | 16 | | X | |
| 7 | CONTAMOS HISTORIAS | Elaboración de textos orais e multimodais como medio para transmitir información. Participación en comunidades lectoras e nas actividades propostas pola biblioteca escolar. | 11 | 14 | | | X |
| 8 | AS NOSAS LETRAS | Textos literarios de autores/as galegos/as e características dos xéneros literarios. | 11 | 14 | | | X |
| 9 | COIDAMOS DO MEDIO | Busca de información e creación de textos en diferentes formatos e soportes para comunicar os resultados obtidos. | 12 | 14 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1 | COMO SOMOS | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Reler un texto e marcar as palabras clave para acadar a comprensión e comprender vocabulario cando é preciso. | PE | 50 |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Resumir textos escritos sinxelos a partir da análise das ideas principais e secundarias do texto traballado, progresando na aplicación de normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando estratexias sinxelas de planificación, textualización, revisión e edición. | | |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable. | Facer un uso adecuado do ordenador persoal e buscar información de modo eficiente e responsable. | | |
| CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. | Identificar e diferenciar poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Incorporar o vocabulario traballado aos textos propios. | | |
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado. | Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluída a lingua de signos, identificando algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado. | TI | 50 |
| CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima. | Identificar na conversa o galego, o castelán e o inglés. | | |
| CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. | Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. | | |
| CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses. | Subliñar as palabras clave dos textos e anticipar hipóteses para mellorar a comprensión lectora. | | |
| CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais. | Utilizar o dicionario impreso ou dixital para comprender os textos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. |

Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.

Contidos

- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 2 | LOCUTORES DE RADIO | 17 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos. | Producir textos de maneira coherente e fluída para transmitir información. | PE | 70 |
| CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura. | Clasificar diferentes textos en función do seu contido. | | |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Producir textos escritos sinxelos a partir do modelo de texto traballado, progresando na aplicación de normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando estratexias sinxelas de planificación, textualización, revisión e edición. | | |
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante. | Elaborar textos escritos integrando recursos paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto. | | |
| CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Elaborar, en grupo e de maneira guiada, un programa de radio que reflicta as conclusións obtidas dunha investigación previa. | | |
| CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Participar nas actividades programadas de lectura compartida (apadriñamentos lectores, contacontos, poemas recitados...). | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Escribir textos respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas traballadas e empregando estratexias de planificación, redacción, revisión e edición. | | |
| CA1.2 - Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega. | Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes e ofrecer alternativas para usar unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas. | TI | 30 |
| CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel. | Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral para obter información a través da escoita activa. | | |
| CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros. | Recoñecer recursos literario básicos en textos sinxelos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da |

Contidos

- lingua: prensa, radio, Internet.
- Procesos: produción oral
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------------|-----------------|
| 3 | UNHA CARTA PARA ALGUÉN ESPECIAL | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. | Identificar o tema, as ideas principais dos textos e algunha das mensaxes explícitas e implícitas. | PE | 50 |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Producir textos escritos sinxelos a partir do modelo de texto traballado, progresando na aplicación de normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando estratexias sinxelas de planificación, textualización, revisión e edición. | | |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. | Expresar opinións contrarias á discriminación e a determinados prexuízos a partir de textos e situacións traballadas na aula. | | |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. | Comunicar as conclusións obtidas a partir da análise e estudo dun tema concreto. | | |
| CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. | Reelaborar con creatividade textos sinxelos dados con intención literaria. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal. | Comprender a idea principal de textos sinxelos e a información relevante realizando algunha inferencia a través de estratexias básicas de comprensión lectora. | TI | 50 |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento. | Utilizar a biblioteca para localizar lecturas que lle interesen e facer uso da mesma aplicando as normas básicas de funcionamento. | | |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora. | Facer valoracións persoais de obras literarias de forma guiada a partir da lectura de textos de diversos autores/as e xéneros literarios para fomentar o gusto pola lectura. | | |
| CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. | Practicar a lectura expresiva e a interpretación de textos a través de contacontos e dramatizacións. | | |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. | Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Procesos: comprensión lectora |

Contidos

- Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 4 | TRANSMITIMOS EMOCIÓNS | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Reler un texto e marcar as palabras clave para acadar a comprensión e comprender vocabulario cando é preciso. | PE | 50 |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Resumir textos escritos sinxelos a partir da análise das ideas principais e secundarias do texto traballado, progresando na aplicación de normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando estratexias sinxelas de planificación, textualización, revisión e edición. | | |
| CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora. | Ler durante os momentos de lectura, compartindo a experiencia da lectura e participando nas actividades literarias propostas. | | |
| CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. | Reelaborar con creatividade textos sinxelos dados con intención literaria. | | |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Escribir textos respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas traballadas e empregando estratexias de planificación, redacción, revisión e edición. | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero. | Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | TI | 50 |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso. | Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa e de cooperación conversacional. | | |
| CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas. | Expresarse oralmente con coherencia e vocabulario axeitado para comunicarse. | | |
| CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses. | Subliñar as palabras clave dos textos e anticipar hipóteses para mellorar a comprensión lectora. | | |
| CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información. | Utilizar a lectura como fonte de lecer e para buscar información. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: interacción oral.
 - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
|----|-------------------|----------|
| 9 | COIDAMOS DO MEDIO | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos. | Producir textos de maneira coherente e fluída para transmitir información. | PE | 50 |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal. | Comprender a idea principal de textos sinxelos e a información relevante realizando algunha inferencia a través de estratexias básicas de comprensión lectora. | | |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Producir textos escritos sinxelos a partir do modelo de texto traballado, progresando na aplicación de normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando estratexias sinxelas de planificación, textualización, revisión e edición. | | |
| CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. | Identificar e diferenciar poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Incorporar o vocabulario traballado aos textos propios. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas. | Escoitar con atención ás aportacións dos compañeiros/as e respectar a opinión dos e das demais. | TI | 50 |
| CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega. | Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, colaborando no seu coidado. | | |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable. | Facer un uso adecuado do ordenador persoal e buscar información de modo eficiente e responsable. | | |
| CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Participar nas actividades programadas de lectura compartida (apadriñamentos lectores, contacontos, poemas recitados...). | | |
| CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social. | Realizar recomendacións lectoras a outro alumnado da escola. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procesos: produción oral - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Procesos: comprensión lectora - Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega. - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. |

Contidos

- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Tendo en conta as orientacións pedagóxicas recollidas no Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da EP na Comunidade Autónoma de Galicia, as orientacións da Orde ECD/65/2015 no anexo II e as aportacións de diferentes autores de distintas perspectivas psicolóxicas, ao elaborar esta programación didáctica deséñanse e planifícanse as estratexias, os procedementos e as accións docentes, de xeito reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias.

As orientacións metodolóxicas sobre as que se sustentará a nosa práctica educativa son:

- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumnado, identificando os seus esquemas de coñecemento mediante unha avaliación inicial para actuar en consecuencia, na ZDP (Vigotsky) e poder construír aprendizaxes significativas, establecendo vínculos entre os novos contidos e os coñecementos previos, motivándoos e promovendo a súa actividade.

- Centraremos na funcionalidade das aprendizaxes, orientándoas cara a súa aplicación en contextos diferentes. Procuraremos que o alumnado aprenda a aprender, favorecendo o traballo cooperativo e a participación. Para iso, enfocaremos na proposta de tarefas ou situacións problema que os alumnos deben resolver (individualmente e en grupo), potenciando a súa autonomía, favorecendo as relacións interpersoais entre eles.

- Atenderemos ás diferenzas e intereses de todos os alumnos/as e teremos en conta as súas necesidades, motivacións, ritmos e estilos de aprendizaxe. Para personalizar os procesos de aprendizaxe utilizaremos recursos variados, adaptaremos os materiais (manipulación de obxectos familiares, xogos, materiais impresos e audiovisuais para ofrecer a información por diferentes canles, etc.) e poremos en marcha mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades (tendo en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

- A lectura comprensiva é fundamental no desenvolvemento das competencias clave, polo que a busca, selección, tratamento e comunicación de información será un traballo imprescindible, favorecendo a alfabetización múltiple co tratamento da información en soportes e formatos variados. Para poder abordar unha aprendizaxe competencial empregaremos metodoloxías activas e contextualizadas, por iso introduciremos estratexias interactivas, proxectos colaborativos e o uso das TIC, creando produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa ou entorno social próximo.

- A avaliación está integrada no proceso educativo polo que a metodoloxía empregada está directamente relacionada coa forma de avaliar. A forma de traballar permitirá levar a cabo actividades para avaliar tanto ao inicio do proceso como ao longo do mesmo, planificando actividades concretas que nos permitan obter a información necesaria en cada momento.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

- Aprendizaxe cooperativa, que nos permitirá traballar contidos a través de estruturas diferentes, co que acadaremos unha mellor interacción social.

- Empregaremos o DUA (Deseño Universal para a aprendizaxe) como modelo de ensinanza que fomenta procesos pedagóxicos accesibles para todo o alumnado mediante un currículo aberto e flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Traballo por proxectos e ApS: permitiranos traballar contidos das diferentes áreas de forma globalizada e interdisciplinar para acadar pequenas tarefas ou produtos sociais relevantes motivadores.

- Modelos de procesamento da información, como mapas mentais, organizadores gráficos ou rutinas de pensamento, para ensinar a pensar e a utilizar de forma adecuada os coñecementos e as habilidades do pensamento así como os recursos cognitivos propios.

- Estacións de traballo: área dentro da clase na que os rapaces traballan solos, en parella ou en grupo, utilizando materiais con instrucións para actividades que antes fixeron no grupo-clase.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS COMÚNS

O obxectivo destes principios metodolóxicos é unificar as actuacións de tódolos mestres nos diferentes cursos, dotar ao centro dunha liña común de actuación que facilite aos alumnos a xeneralización das aprendizaxes. Fan referencia a una serie de actividades, esixencias que deben respectarse en tódolos cursos tendo en conta as características propias de cada idade.

É obrigatorio o cumprimento destes principios metodolóxicos por parte de todo o profesorado do centro.

Para as áreas de lingua estas concrecións son:

LECTURA

- É obrigatorio ler tódolos días en voz alta na aula.

- É importante ter un modelo lector (que o titor lea en voz alta).

- Alternar lecturas en galego e en castelán.

- Empregar sempre textos atractivos. Nos cursos superiores para as lecturas colectivas pódense empregar os libros dixitais.

- Respectar os itinerarios lectores*. A maiores pódense ler outros libros pero cando xa se leron os dos itinerarios.

- É importante facelo no curso para o que se estableceu.

- En 5º e 6º deben empregar tamén os libros dixitais..

- Lembrar abecedario sen ch nin ll.

ESCRITURA

- Traballar a copia. Facer copias do encerado, de libros, etc.
- Facer ditados. Sobre todo ditados preparados.
- Escribir frases curtas con sentido e orde e textos sinxelos.
- Traballar máis a expresión escrita que a gramática. Empregar o libro de texto como guía, como un recurso máis, pero non como o único.
- Traballar a ortografía e a caligrafía.
- Incluir as TIC nas actividades de ditados, lecturas, copias, etc.
- Respostar por escrito facendo oracións, non cunha soa palabra.

Con respecto as tarefas extraescolares haberá un criterio común por parte de todo o profesorado e que será o seguinte neste nivel:

1. Que sirvan para reforzar o aprendido
2. Que teñan una aplicación práctica.
3. Sirvan para crear un hábito de estudo.
4. Ten que ser una actividade máis da xornada do neno. O tempo adicado a realizar a actividade non debe ser maior de 30 minutos nos niveis inferiores de primaria e unha hora nos niveis superiores.
5. Implicaremos ás familias na adquisición do hábito lector como fonte de lecer e de entretemento.
6. Deben de programarse posibilitando que o neno teña un tempo de diversión e descanso despois da xornada escolar.
7. Teñen que saber realizala por si mesmos.
8. Non todas as actividades son de lapis e papel. Tarefas de procura de información, ver, preguntar, ler, etc.
9. As familias tamén estarán implicadas nalgúns dos temas monográficos traballados dende o centro ou dende a aula.
10. Os nenos deben apuntar as tarefas na axenda do alumno que serán obxecto de corrección individual por parte do docente.

Con respecto os cadernos:

1. Os cadernos deben ser corrixiados e supervisados.
2. Este debe existir limpeza, organización e orde (marxe, data, cores diferentes para enunciados, datas, etc.)
3. O caderno ten que ter continuidade (escribir sen deixar separacións grandes ou páxinas en branco).
4. Ter en conta os cadernos á hora das avaliacións.
5. Corrixir en grupo, e posteriormente o titor supervisará as correccións feitas polo alumnado. A autocorrección sempre debe ser supervisada polo titor. Verbalizar en voz alta as equivocacións.

Con respecto o traballo cas axendas haberá que seguir unas normas comúns de emprego en tódolos niveis de E.P. A rutina a seguir é a seguinte:

1. 1ª HORA: O alumnado coloca a axenda sobre o pupitre na páxina do día, de xeito que o mestre facilmente pode observar se hai algunha anotación.
2. Ao longo da mañá os mestres escriben na pizarra, sempre no mesmo lugar, nun espazo adicado a esta finalidade, o que debe estar anotado ese día.
3. O mestre ten que asegurarse que o alumno o anote e que garde a axenda. Trátase de crear un hábito.
4. Para evitar despistes non deixaremos que a axenda se coloque dentro do pupitre ou noutro lugar. A axenda só estará sobre a mesa ou dentro da mochila.
5. A axenda debe vir asinada tódolos días polo pai ou a nai, para comprobar que a viron na casa. (deberemos ser permisivos naqueles casos nos que non existe unha boa implicación familiar no traballo escolar dos nenos, e deberemos ser estrictos naqueles casos nos que intentamos acadar no alumno responsabilidade, organización, etc.)
6. cousas para anotar na axenda: deberes, datas de entrega de traballos, datas de exames, resultados de probas, citas para titorías, materiais que deben traer da casa, etc.
7. Os nenos deben apuntar as tarefas na axenda do alumno que serán obxecto de corrección individual por parte do docente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| RECURSOS PERSOAIS: mestres, compañeiros/as, familias e comunidade educativa. |
| RECURSOS MATERIAIS: libros, contos, revista, prensa, manuais, carteis, folletos de publicidade, tarxetas de palabras; xogos de mesa (pasapalabra, cifras e letras, sinónimos e antónimos, bingos de palabras...); xogos de preguntas e respostas sobre a linguaxe, taboleiros para crear historias... |
| RECURSOS INFORMÁTICOS E DIXITAIS: ordenador, xogos de ordenador, páxinas web, EDI, tablets, dicionario en liña, canón, cámara fotográfica e vídeo, gravadora, telexornal, podcast, radio... |
| RECURSOS ESPACIAIS: aula, biblioteca de centro, patio, parque exterior... |

RECURSOS PERSOAIS: os mestres, os propios compañeiros e as familias do alumnado son recursos persoais dos que nos valeremos para acadar obxectivos determinados. Os mestres actuaremos como mediadores, axudando ao alumnado a construír aprendizaxes, reforzando cando atopemos dificultades, completando os coñecementos cando non son suficientes e reconducindo para emendar posibles erros. A través da aprendizaxe en grupo, a cooperación e a tutoría entre iguais, os rapaces serán tamén un importante recurso, beneficiándose uns dos outros. O traballo en colaboración coas familias será fundamental para avanzar na consecución dos nosos obxectivos.

RECURSOS MATERIAIS: utilizaremos gran variedade de soportes físicos cos que abordaremos os contidos e presentaremos as tarefas: materiais próximos á nosa realidade cotiá (xogos, marionetas, taboleiros para crear historias...), medios impresos (fotografías, xornal, carteis, manuais, textos instrutivos, folletos de publicidade), medios audiovisuais (vídeos, telexornal, podcast, radio...) e medios informáticos (páxinas web, correo, dicionario en liña...).

RECURSOS INFORMÁTICOS E DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: atopámoslos na aula, no centro e no entorno próximo, fóra do centro. A aula será un espazo flexible e funcional, permitiéndonos crear o ambiente adecuado segundo as necesidades do momento, utilizando os recunchos e o mobiliario da forma máis vantaxosa segundo o momento. No centro atopamos instalacións e espazos variados que empregaremos para realizar diferentes actividades (a biblioteca escolar, a aula de informática, as demais aulas do centro, o patio...) e no contorno do centro tamén temos outros recursos que serán de gran axuda en momentos determinados da programación (a biblioteca municipal, o centro cultural, o teatro do concello, os espazos naturais, a lonxa...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o primeiro mes do curso escolar, como titora do 5º curso, realizaremos unha avaliación inicial. A finalidade desta avaliación será adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o desenvolvemento das competencias clave. Para realizala, ademais, analizarei os informes persoais de 4º de EP e reunireime coas familias para completar a información necesaria.

Ao comezo de cada UD tamén será necesario realizar unha avaliación inicial, para identificar os coñecementos previos do alumnado e programar a partir dos mesmos.

Esta avaliación inicial será o punto de referencia para tomar decisións tanto na PD como ao comezo de cada UD, así como para a adopción das medidas educativas necesarias en cada momento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 11 | 11 | 11 | 11 | 11 | 11 | 11 | 11 | 12 | 100 |
| Proba escrita | 50 | 70 | 50 | 50 | 60 | 50 | 40 | 50 | 50 | 52 |
| Táboa de indicadores | 50 | 30 | 50 | 50 | 40 | 50 | 60 | 50 | 50 | 48 |

Criterios de cualificación:

Para realizar a avaliación teremos en conta os criterios de avaliación de cada unidade didáctica, atendendo tanto á porcentaxe asignada en cada UD como ás concrecións dos mesmos.

Ademais, debemos ter en conta que moitos dos contidos traballaranse de forma cíclica ao longo do curso, polo que será posible facer unha valoración continuada dos mesmos a través das actividades programadas ao longo das UD, aínda que os criterios de avaliación aparezan só nalgunhas unidades didácticas concretas.

Os instrumentos de avaliación nos que recolleremos a información para valorar a adquisición de aprendizaxes serán variados e clasifícanse en probas escritas (cadernos, traballos, en formato dixital, soportes en papel para presentacións orais, probas obxectivas...) e táboas de indicadores (rúbricas, lista de cotexo, dianas de avaliación, escala de valoración...). Desta forma, obterase información diaria sobre o grao de aprendizaxe, tanto a través das producións do alumnado como da observación sistemática. Polo tanto, terase en conta diariamente:

- Realización das actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula.
- Interese por acadar a comprensión necesaria para unha correcta realización das actividades propostas.
- Implicación e interese por conseguir o mellor resultado posible.
- Calidade, claridade e corrección dos traballos realizados.
- Participación activa e positiva nas tarefas colectivas.
- Uso dunha linguaxe adecuada e respectuosa coas diferencias.
- Respecto polas regras que rexen a comunicación oral (escoita activa, respecto polas quendas de palabra, participación...).
- Esfuerzo e constancia no traballo.

Ademais, teremos en conta os criterios de calificación establecidos para todo o centro, para o que empregaremos as rúbricas elaboradas na Comisión de Coordinación Pedagóxica para tal fin. As porcentaxes establecidas en ditos criterios son:

- Dominio da lectura 30%
- Dominio da expresión oral 20%
- Dominio da expresión escrita 30%
- Procedementos de traballo 10%
- Actitude 10%

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a nota de cada unidade traballada en dita avaliación e farase unha media de todas elas.

A calificación da avaliación final da materia calcularase facendo unha media entre as notas obtidas nas tres avaliacións. O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade unha calificación positiva nunha unidade didáctica recibirá reforzo educativo para poder incidir nas aprendizaxes non adquiridas, ofrecendo así as medidas de apoio necesarias que fagan posible un adecuado desenvolvemento de todo o alumnado.

Ademais, debemos ter en conta que moitos dos contidos traballados son cíclicos e trabállanse de forma continuada ao longo do curso. Polo tanto, cando un alumno/a obteña unha calificación positiva nun criterio de avaliación darase por superado dito criterio, en caso de non telo conseguido en unidades didácticas anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

A nosa intervención educativa atende á diversidade do alumnado dende o principio de inclusión, centrándonos nas actuacións dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, para o que teremos en conta as medidas de atención educativa recollidas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve. A coordinación e colaboración entre os docentes que formamos o claustro e coa comunidade educativa (familias e especialistas externos) é clave para poder ofertar unha educación inclusiva, garantir o desenvolvemento do alumnado, favorecer á equidade e contribuír a unha maior cohesión social.

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Algunha das medidas ordinarias que se poderán poñer en marcha unha vez que se detecten as dificultades son:

- Reforzo Educativo: no contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación: para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Adaptación curricular: cando o informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica indique que é a medida máis idónea e coa que nos axustaremos ao nivel de competencia curricular do alumno/a, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais.
- Programas de enriquecemento curricular: destinado ao alumnado talentoso ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do servizo de orientación do centro que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización.
- Metodoloxía: empregaranse de forma prioritaria as metodoloxías que promovan a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, como o aprendizaxe por proxectos.
- Programas de recuperación: para alumnado que non promocióne ou que promocióne con algunha cualificación negativa.
- Programas específicos personalizados: levaranse a cabo cando se detecten diferentes problemáticas de tipo individual e contando coa colaboración das familias, como por exemplo, o programa de adquisición de hábitos de traballo na casa ou outros que se elaboren ante determinados problemas de disciplina.
- Aplicación no recollido nos protocolos de TDAH, TEA, altas capacidades, dislexia... cando sexa preciso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, competencia dixital, fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes e a educación para a paz. | | X | | X | X | X | | X |
| ET.3 - Educación para o consumo responsable, o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde. | | | X | X | | | | |
| ET.4 - Orientación educativa, acción tutorial e a educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Comportamentos non sexistas, non discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. | | X | | | X | X | | X |
| ET.7 - Fomento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial, a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|--|------|
| ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, competencia dixital, fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. | X |
| ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes e a educación para a paz. | |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.3 - Educación para o consumo responsable, o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde. | X |
| ET.4 - Orientación educativa, acción tutorial e a educación emocional e en valores. | X |
| ET.5 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. | X |
| ET.6 - Comportamentos non sexistas, non discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. | |
| ET.7 - Fomento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial, a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. | X |

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura trabállase en todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-------------------|---|----------|----------|----------|
| Saídas á contorna | Nas que visitaremos lugares da contorna para obter información específica: porto, Afundación, casa Rosalía... | X | X | X |
| Saídas culturais | Visita a un museo, exposicións, obras de teatro, cine... | | X | |
| Obradoiros | Charlas formativas de profesionais de diferentes ámbitos, alimentación saudable, plan Director... | X | X | X |
| Conmemoracións | Recollidas no calendario escolar e para as que se propoñen actividades específicas dende o centro educativo, como poden ser : Dereitos da infancia, Día do Medio Ambiente, Día do libro, Día Internacional da Muller... | X | X | X |

Observacións:

Dentro das actividades complementarias é importante ter en conta a participación nas actividades propostas dende os diferentes equipos e dinamizacións do centro, entre o que destacamos o equipo de dinamización da lingua galega, as actividades realizadas para os programas diarios da radio escolar (como a predicción meteorolóxica ou o refrán do día) e a biblioteca do centro, da que ademais parte o tema do PDI no que participa a totalidade dos cursos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Leváronse a cabo as AC propostas e aprobadas? |
| Seguiuise e revisouse a programación ao longo do curso? |
| Metodoloxía empregada |
| O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado? |
| Valorouse o traballo en equipo do alumnado? |
| Hai unha proporción equilibrada de traballo grupal e individual? |
| Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral? |
| Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo? |
| Medidas de atención á diversidade |
| As necesidades do alumnado foron atendidas? |
| Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade? |
| Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE? |
| Leváronse a cabo medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE? |
| Clima de traballo na aula |
| Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe? |
| Conseguíuse a participación activa do alumnado? |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Contouse co apoio e a implicación das familias? |

| |
|--|
| Outros |
| Usáronse diferentes instrumentos de avaliación? |
| Dáse un peso real á observación do traballo na aula? |
| Incorpóranse as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe? |
| Realízase a función titorial e orientadora de forma axeitada? |
| Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación? |
| Son adecuados os materiais didácticos utilizados? |

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza e aprendizaxe forma parte do proceso de avaliación, polo que non podemos esquecer avaliar a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A valoración da información recollida permitiranos facer unha revisión das accións realizadas e a posibilidade de adoptar as medidas necesarias para facer melloras, o que beneficiará directamente a calidade da ensinanza e aprendizaxe do noso alumnado.

Igual de importante é a coordinación entre as mestras que forman parte do equipo docente que traballa co grupo, polo que se fai necesario establecer canles de comunicación para poder facer un seguimento coordinado e organizado de todo o alumnado, actualizando a información cando sexa necesario e, como mínimo, cada trimestre na sesión de avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe debe ter en conta tamén a autoavaliación, é dicir, a análise da propia programación, os resultados obtidos ó longo das súas unidades, a práctica docente ou os recursos empregados, de tal forma que se poidan establecer mecanismos flexibles que me permitan adaptar mellor a programación ás necesidades do grupo-clase.

O alumnado, ás familias e o equipo docente serán partícipes da avaliación da práctica docente, xa que a súa opinión a cerca da evolución do proceso educativo é importante para detectar erros e acertos.

- No caso do alumnado, ao remate de cada trimestre realizaremos probas (enquisas, cuestionarios e diálogos con eles).
- Para coñecer a valoración das familias empregaremos as titorías, nas que podemos realizar entrevistas que non aporten información sobre a súa valoración con respecto aos seus fillos.
- Ao quipo docente solicitaréille a súa avaliación, no caso do profesorado que traballa comigo na aula o co meu grupo clase, a través de preguntas que me axudarán a detectar erros e posibilidades de mellora. Ademais, nas sesións finais de avaliación e nas reunións do equipo docente, recadarei información tanto da evolución do grupo como da adecuación das medidas levadas a cabo, de forma que poidamos establecer melloras pedagóxicas de forma coordinada.

9. Outros apartados